

5º E.P. – LINGUA E LITERATURA GALEGA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Unidade 1	
Coñece e practica as normas dun debate de opinión	CCL / CSC
Le un texto coa entoación e ritmo correctos	CCL / CSC / CD / CSIEE / CAA
Extrae información esencial dun texto	CCL / CMCT
Determina unha boa organización do lugar e do tempo de estudo	CD / CSIEE
Coñece os conceptos: antónimo e sinónimo	CSC / CMCT
Identifica antónimos e sinónimos dunha palabra dada	
Formar antónimos con prefixos	
Recoñece unha situación de comunicación	CCL / CAA
Identificar os elementos da comunicación	
Diferencia lingua e linguaxe	
Identifica as sílabas tónicas e átonas en palabras	CSIEE / CMCT
Clasifica as palabras segundo a posición da sílaba tónica	
Identifica as características dunha carta formal	CSC / CD
Redacta unha carta formal	
Discrimina textos literarios dos non literarios	CAA / CCEC
Coñece as orixes da lingua galega	CAA / CCEC
Unidade 2	
Narra un conto de forma adecuada	CSC / CCL
Le un texto de forma fluída	CSIEE / CCEC
Obtén información dun texto	CAA / CCL
Identifica de forma adecuada palabras monosémicas e polisémicas	CAA / CMCT
Diferencia entre frase e oración	CAA
Identifica nas oracións o suxeito, o predicado e os seus núcleos	CAA
Identifica palabras agudas	CL / CMCT
Coñece e aplica a regra de acentuación das palabras agudas	
Diferencia entre textos escritos en verso e en prosa	CL / CCEC
Recoñece cantigas de amor, amigo e escarnio	CCEC / CSIEE
Coñece as características principais dun regulamento e escribe regras que formen parte del.	CL / CSC
Unidade 3	
Facer hipóteses e comentar experiencias	CL / CMCT / CAA / CSIEE
Ler un texto coa entoación e o ritmo axeitados	CL / CCEC
Localizar a información principal no texto	CL / CAA / CD
Distinguir palabras homónimas (homófonas/homógrafas)	CL / CAA
Coñecer o concepto de substantivo	CL / CAA
Identificar palabras graves e coñecer e aplicar a súa regra de acentuación	CL / CAA / CMCT
Coñecer as características dun poema, do verso e da estrofa	CAA / CSC
Coñecer as características da literatura nos Séculos Escuros	CAA / CSC
Recoñecer unha solicitude e redactala	CL / CAA / CSIEE
Unidade 4	
Desenvolve a comprensión da información oral que unha persoa lle proporciona a outra	CL / CSC
Dá oralmente de xeito claro e preciso aquela información que outra persoa	CL / CSC

Ile solicita	
Le un texto de forma fluída	CL / CAA
Obtén información dun texto	CL / CAA
Diferencia entre palabra simple e composta	CCEC / CSIEE
Coñece e aplica as regras de formación do feminino e do plural dos substantivos	CAA / CMCT / CD
Identifica palabras esdrúxulas e aplica a súa regra de acentuación	CSC / CSIEE
Recoñece a función das fichas e elabóraas	CAA / CCL
Coñece e identifica os tipos de rima	CMCT / CCEC
Coñece os principais autores precursores do Rexurdimento	CCL / CCEC
Unidade 5	
Participa de forma activa en actividades orais	CSC / CMCT
Le un texto coa entoación e ritmo adecuados	CCL / CCEC / CSC
Extrae información do texto	CAA / CCL
Identifica as ideas principais e secundarias nun texto	CSC / CSIEE
Identifica campos semánticos	CCL / CSC
Forma campos semánticos	
Identifica o adxectivo nos seus diferentes graos	CAA / CMCT
Usa o adxectivo nos seus diferentes graos	
Identifica os ditongos	CCL / CAA
Acentúa graficamente os ditongos se corresponde	
Recoñece a temática dun poema	CCL / CAA
Coñece as características destacadas do Rexurdimento e os principais autores	CCEC / CD
Unidade 6	
Describe roupa e complementos	CCL / CSC
Le un texto de forma fluída	CSC / CCL / CSIEE
Interpreta a información dun texto	CCEC
Obtén información dun texto	CCL / CSC
Coñece e emprega a técnica do subliñado	CAA / CCL
Identifica e crea familias léxicas	CMCT / CAA
Diferencia entre determinante e pronome	CSIEE / CCL
Identifica e analiza artigos e demostrativos	CSIEE / CCL
Identifica hiatos e coñece e aplica as súas regras de acentuación	CSIEE / CMCT / CD
Identifica o narrado, o tempo e os personaxes dunha narración	CD
Coñece o labor das Irmandades da Fala	CCL / CCEC
Unidade 7	
Fai a descrición de lugares	CCL / CSC
Le un texto coa entoación e ritmo adecuados	CCL / CSC / CAA / CCEC
Localiza a información principal no texto	CAA / CSC
Emprega o esquema para comprender a estrutura dun texto como axuda ao estudo	CAA / CCL
Identifica prefixos e clasifícaos segundo sexan de situación ou intensidade	CCL / CMCT
Diferencia entre determinante e pronome	CCL / CSIEE
Identifica e analiza posesivos, numerais e indefinidos	
Coñece e aplica a acentuación diacrítica	CMCT (CAA
Identifica o narrado, o tempo e os personaxes dunha narración	CCL / CSC
Crea diálogos en estilo directo e indirecto	
Coñece datos da Xeración Nós	CAA / CCEC
Redacta receitas	CD / CMCT

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

2.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Tal e como se di na orde EFP7365/2020, de 22 de abril na que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19, así como o establecido pola Consellería de Educación e Formación Profesional nas instrucións de 27 de abril de 2020, adaptamos a continuación o sistema de avaliación que se levará a cabo dende o Departamento de Lingua e literatura galega.

Neste terceiro trimestre en ningún caso se poderá baixar a nota media obtida entre a primeira e a segunda avaliación. Polo que nesta avaliación só se poderá subir ou manter esta nota media.

Debido a isto, os resultados deste trimestre contarán tan só para subir a nota sempre e cando se leven acabo as tarefas de reforzo e recuperación marcadas pola profesora tendo en conta que estas estean feitas correctamente e sexan orixinais, consideraranse nulas aquelas que sexan consideradas como plaxio de compañeiros ou de diversas fontes bibliográficas. Dende o Departamento de Lingua e literatura galegas acórdase que o alumnado poderá subir un punto polo traballo entregado, que dependerá sempre da calidade do mesmo.

Ante esta situación, para levar a cabo a avaliación e a cualificación deste terceiro trimestre, debemos establecer unha diferenciación entre o alumnado que xa superase a materia nas avaliacións anteriores e os que tiñan unha ou as dúas avaliacións suspensas.

O alumnado que teña a 1ª e a 2ª avaliación superada obterá a súa nota facendo a media destes dous trimestres. Se na terceira avaliación fai correctamente todas as tarefas semanais poderá incrementar a súa nota final nun punto.

O alumnado que teña unha avaliación suspensa realizará as tarefas semanais que se enviarán cada luns, estes exercicios deberán estar feitos correctamente nun 90% e estarán entregados en prazo para poder optar a recuperar a materia, neste caso, o alumnado obterá unha cualificación positiva no 3º trimestre pero a súa nota nunca poderá ser superior a un 5.

O alumnado que teña as dúas avaliacións suspensas deberá realizar as tarefas semanais que se enviarán cada luns, estes exercicios deberán estar feitos correctamente nun 90% para poder optar a recuperar a materia. Esta batería de exercicios terá un valor do 100% da nota. Estes traballos están relacionados coa gramática e ortografía e tamén se farán traballos de comprensión lectora. Segundo isto a avaliación quedaría do seguinte xeito:

- **Alumnado coa 1ª e 2ª avaliación superadas:**

	- o 1ª Aval. 50% - o 2ª Aval. 50% - o 3ª Aval. 10% (+1 punto) • Alumnos con tan só unha avaliación suspensa: - o Batería de exercicios semanais (90% exercicios correctos) - o Nota nunca superior a un 5 • Alumnos con dúas avaliacións suspensas: - o Batería de exercicios semanais 100%
Cualificación final	Ante esta situación excepcional, o Departamento de Lingua e literatura galega considera que debido ao sistema de avaliación aplicado, a avaliación do terceiro trimestre corresponderase coa cualificación final de cada alumno.
Proba extraordinaria de setembro	Non se contempla esta posibilidade en 5º de Educación Primaria
Alumnado de materia pendente	Neste curso non temos alumnado que teña a materia pendente de cursos anteriores.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades que se levarán a cabo neste terceiro trimestre consistirán en baterías de exercicios de morfosintaxe, vocabulario e gramática, estes serán sempre de repaso e reforzo dos temas que se deron no 1º e 2º trimestre. Por outra banda tamén se enviará algunha ficha de comprensión lectora dos libros que os alumnos tiveron que adquirir para o segundo trimestre e non se puido rematar de ler no colexio. Ten que quedar claro ao facerlle chegar estas fichas ao alumnado que estas nunca serán tidas en conta para unha avaliación negativa, senón que sempre contarán en positivo.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Neste momento todo o alumnado está conectado á rede, xa que os que non o estaban foron localizados e se lles proporcionaron os medios necesarios para que tivesen acceso á mesma. A batería de exercicios sempre se lles fará chegar a través do titor ben por e-mail ou por whatsapp. Estes exercicios irán en diversos formatos para evitar problemas na recepción dos mesmos e serán enviados cada luns, o alumnado terá o prazo dunha semana para enviarllos feitos á profesora.
Materiais e recursos	Os materiais serán elaborados pola profesora ou ben serán exercicios de libros de reforzo e recuperación que poidan axudar ao alumnado a afianzar e consolidar o aprendido e, ao mesmo tempo, que axuden a aqueles que teñan avaliacións negativas para poder recuperalas.

4. Información e publicidade

O alumnado será informado a través do medio que cada familia decidiu e contando sempre con todos os permisos oportunos, este medio pode ser e-mail ou WhatsApp.

Dende o centro publicitarase toda a información referente ao terceiro trimestre por diversos medios así como por notificacións a través do sistema de ABALAR MÓBIL.

En moitos casos o titor contactará directamente coas familias para comunicarlles a información que considere oportuna en función da situación académica do seu fillo/a, esta comunicación será por correo electrónico ou a través de chamadas telefónicas.